

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á situación do xulgado de paz de Santa Comba.

A administración de xustiza sofre os incesantes recortes que practica unha Xunta que non quere dotar dos recursos suficientes a un servizo público esencial para a vixencia dun réxime democrático. Dende a negativa a crear novos órganos xudiciais que superen o colapso en varias xurisdicións ate a negativa a crear un órgano encargado especificamente de combater a corrupción política-empresarial, pasando polos atrancos ao mero funcionamento dos xulgados de paz, atrapados na falla de material e persoal, a Xunta sostén unha práctica obstrucionista en materia de xustiza.

Así, no xulgado de paz de Santa Comba aténdense a unha media de 20 persoas ao día, lévanse uns 700 asuntos penais e civís e se tramitan no rexistro civil uns 250 casos. Esta cantidade de trámites recaen na actualidade nunha soa persoa, que sofre unha sobrecarga de traballo brutal que está a repercutir severamente na súa saúde.

O xulgado de paz de Santa Comba estaba dotado con 3 funcionarios de plantilla, dous do corpo de xestión procesual e un de auxilio xudicial. O fago amigo da Xunta de Galicia, a súa política de recortes, cobrouse no ano 2012 un deses funcionarios. Logo, en novembro, chegou a continxencia do traslado por concurso do traballador do corpo de auxilio xudicial, o que deixou a plantilla efectiva do xulgado nunha soa persoa. A vacante causada polo concurso de traslados solicitouse ser cuberta con data de rexistro do 18 de novembro; preto de dous meses transcorreron sen sinais de vida por parte da Xunta.

A conclusión deste sucinto retrato ben pode ser que a xustiza de proximidade non lle importa en absoluto á Xunta.



En atención ao sinalado, o grupo parlamentar presenta a seguinte pregunta para a súa resposta no Pleno:

- Contempla a Xunta recuperar o cadro de persoal deste xulgado de paz previo ao recorte do ano 2012?

En Compostela, 13 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/01/2015 13:23:32